

1. DATOS IDENTIFICATIVOS DA DISCIPLINA	
CÓDIGO	
MATERIA	Movemento
DISCIPLINA	Expresión corporal II
TITULACIÓN	Titulación Superior en Arte Dramática
ESPECIALIDADE	Interpretación
ITINERARIO	Textual/Xestual
CURSO	2º (cuadrimestre 2º)
CRÉDITOS ECTS	5
CARÁCTER	Obrigatorio
DEPARTAMENTO	Interpretación
CENTRO	ESAD de Galicia
COORDINADOR/A	Area Movemento e Danza
	Nome e apelidos: Alfonso Rivera Horario de titorias: Despacho: D2 Contacto: alfonso-rivera@edu.xunta.es
DESCRICIÓN	Emprego das ferramentas técnicas na creación escénica a partir das linguaxes corporais. Análise do movemento e da súa significación
COÑECEMENTOS PREVIOS	Recomiéndase ter aprobadas Movemento Expresivo I, Movemento Expresivo II, e máis Expresión Corporal I
LINGUA EN QUE SE IMPARTE	Galego X Castelán X Inglés X
2. COMPETENCIAS	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS DE TITULACIÓN	
T1	Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.
T3	Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.
T4	Utilizar eficientemente as tecnoloxías da información e da comunicación
T7	Utilizar as habilidades comunicativas e a crítica construtiva no traballo en equipo.
T8	Desenvolver razoada e criticamente ideas e argumentos.
T9	Integrarse adecuadamente en equipos interdisciplinarios e en contextos culturais diversos.
T11	Desenvolver na práctica profesional unha ética profesional baseada na apreciación e sensibilidade estética, medioambiental e cara á diversidade.
T15	Traballar de forma autónoma e valorar a importancia da iniciativa e o espírito emprendedor no exercicio profesional.
COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN	
X1	Fomentar a autonomía e autorregulación no ámbito do coñecemento, as emocións, as actitudes e as condutas, mostrando independencia na recollida, análise e síntese da información, no desenvolvemento de ideas e argumentos dunha forma crítica e na súa capacidade para a propia motivación e a organización nos procesos creativos.
X2	Comprender psicolóxicamente e empatizar para entender e sentir as vidas, situacións e personalidades alleas, utilizando de maneira eficaz as súas capacidades de imaxinación, intuición, intelixencia emocional e pensamento creativo para a solución de problemas, desenvolvendo a súa capacidade para pensar e traballar con flexibilidade, adaptándose ás demais persoas e ás circunstancias cambiantes do traballo, así como a conciencia e o uso saudable do propio corpo e o equilibrio necesario para responder aos requisitos psicolóxicos asociados ao espectáculo.
X3	Potenciar a conciencia crítica, aplicando unha visión crítica construtiva ao traballo propio e ao dos demais, e desenvolvendo unha ética profesional que estableza unha relación adecuada entre os medios que utiliza e os fins que persegue.
X5	Fomentar a expresión e a creación persoal, integrando os coñecementos teóricos, técnicos e prácticos adquiridos; mostrando sinceridade, responsabilidade e xenerosidade no proceso creativo; asumindo o risco, tolerando o fracaso e valorando de maneira equilibrada o éxito social.
X6	Desenvolver unha metodoloxía de traballo, estudo e investigación encamiñada á autoformación na propia disciplina, procurando ámbitos axeitados para a formación continuada e para adaptarse a diversas situacións, especialmente ás derivadas da evolución da súa profesión.
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA ESPECIALIDADE	

EI1	Dominar os recursos expresivos necesarios para o desenvolvemento de procesos de interpretación, actuación e representación, no ámbito escénico e audiovisual.		
EI2	Participar na creación da partitura escénica e/ou personaxe, escénico ou audiovisual, e interpretalo adecuadamente, a través do dominio das diferentes técnicas interpretativas.		
EI3	Integrar e interactuar coas restantes linguaxes e códigos que conforman o espectáculo escénico ou audiovisual.		
EI4	Planificar e desenvolver programas de educación e animación teatral.		
EI5	Concibir e fundamentar o proceso creativo persoal, tanto no que se refire ás metodoloxías de traballo como á renovación estética.		
3. OBXECTIVOS DA DISCIPLINA		COMPETENCIAS VINCULADAS	
1. Ampliar os recursos corporais expresivos e creativos do alumnado.	T1, X5, X6, EI1		
2. Potenciar a consciencia psicofísica en escena a partires dos principios do comportamento escénico.	T1, T11, T15, X1 X3, X5, X6, EI1, EI5		
3. Facultar para a creación e interpretación de partituras de movemento en base a programas específicos de traballo.	T1, T3, T15, X1, X5, X6, EI2		
4. Experimentar a través de distintas técnicas expresivas procesos creativos que partan do corpo en escena.	T9, X1, X5, X6, EI5		
5. Dotar de ferramentas de análise do movemento e da acción.	T8, T9, X1, X3, X6, EI5		
6. Exercitarse na comprensión do poder significativo do corpo na dramaturxia actoral.	X3, X5, X6, EI1		
7. Asimilar fundamentos conceptuais e metodolóxicos cara á creación de dramaturxias corporais.	T1, T3, T7, T8, X3, X5, X6, EI1, EI2, EI5		
8. Adquirir capacidade analítica e crítica e compromiso ético no contexto colectivo.	T3, T7, T8, T15, X1, X3		
9. Potenciar a sensibilidade artística na experimentación de procesos creativos, fundamentados no corpo como medio expresivo.	T7, T9, X3, EI5		
4. CONTIDOS			
TEMAS	SUBTEMAS	SESIÓNS	
1. Relaxación activa	1.1 Relaxación inducida 1.2 Visualización guiada	6	
2. Adestramento psicofísico	2.1 Alineamento dinámico 2.2 Concentración e conexión psicofísica 2.3 Posturas e estiramientos	6	
3. Diseño espacial-corporal	3.1- Kinosfera, proxemia, direccións. 3.2- Dinámicas espaciais 3.3- <i>Tableaux</i> compositivos	6	
4. Conciencia rítmico-temporal	4.1- Ritmo, tempo e pulso 4.2- Progresions temporais 4.3 Sentido dramático do tempo-ritmo	6	
5. Proxectos de creación	5.1 Aplicación das técnicas impartidas 5.2 Análise e reflexión do proceso (<i>feedback</i>)	6	
TOTAL SESIÓNS			30 sesións 90 horas
5. PLANIFICACIÓN DOCENTE			
Actividade / Número de horas	Presencial (horas)	Non presencial (horas)	Total
Actividades introdutorias	2		2
Exposición práctico-teórica	3		3
Práctica individual	30	30	60
Práctica colectiva	30	20	50
Actividades complementarias		8	8
Debates	10		10
Titorías individuais	1		1
Titorías de grupo	4	2	6
Actividades de avaliación. Probas			
Presentacións-exposicións mostras	10		10

TOTAL		90	60	150
6. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍAS DE ENSEÑANZA E APRENDIZAXE				
Actividades	Descrición			
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto cos estudantes para a creación de grupo, des-hinibición, presentación e achegamento á materia.			
Exposicións práctico-teóricas	Exposicións por parte do docente sobre as bases teóricas e prácticas así como das directrices de traballo.			
Prácticas individuais e colectivas	Os estudantes desenvolven exercicios ou proxectos na aula baixo as directrices e supervisión da ou do profesorado. Poden estar vinculadas o desenvolvemento de actividades autónomas do estudante.			
Presentacións/exposicións	Presentación e exposición dos resultados dun traballo, exercicio, proxecto práctico, teórico ou teórico-práctico. Pódese levar a cabo de maneira individual ou en grupo.			
Prácticas de laboratorio	Actividades de aplicación dos coñecementos a situacións concretas e de adquisición de habilidades básicas e procedimentais relacionadas coa materia obxecto de estudo.			
Debates	Charla aberta entre estudantes e docente. Pode centrarse nun tema dos contidos da materia, na análise dun caso, no resultado dun proxecto, exercicio ou problema desenvolvido.			
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	Actividade na que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumno debe desenvolver a análise e resolución dos problemas e/ou exercicios de forma autónoma.			
Tutorías	Actividade de asesoramento sobre actividades da materia e do proceso de aprendizaxe.			
Actividades complementarias	Actividades de visionado de espectáculos e de saída do espazo académico para traballar ou ver obras en vivo e en directo ou exposicións de arte.			
7. ATENCIÓN PERSONALIZADA				
8. FERRAMENTAS DA AVALIACIÓN				
8.1 Avaliación ordinaria				
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación		
Prácticas diarias tanto individuais como colectivas. Estas prácticas se plasmarán en rexistros de observación de clase e atenderán a escalas de valoración individual e referencial dentro do grupo.	T3,T7,T9,X2,É11,E12	40%		
Proxectos de creación	T1,T3,T8,T11,T15,X1,X5,X6,E11,E12,E15	25%		
Debates/Análisis de retroacción sobre as presentacións realizadas en clase, lecturas propostas e reflexiónes sobre os temas de traballo.	T7,T8,T11,X1,X2,X3	25%		
Presentación final	T3	10%		
8.2. Avaliación extraordinaria				
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación		
Presentación individual de un ou varios exercicios que demostren a integración dos contidos traballados na materia o longo do curso. - Adestramento: posturas e estiramientos - Proba técnica sobre un tema - Improvisación sobre un tema - Proxectos de creación Explicación teórica sobre ditos contidos na súa aplicación.	T3,T7,T9,X2,X6,E11,E12	60%		
Memoria de traballo e exposición teórico-práctica	T1,T7,T8,T11,T15,X1,X5,X6,E11,E12,E15	20%		
Proba oral/ Entrevista	T8,X3	20%		
8.3 Avaliación específica para alumnado sen avaliación continua / ordinaria / extraordinaria				
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación		

Presentación individual de un ou varios exercicios que demostren a integración dos contidos traballados na materia o longo do curso. - Adestramento: posturas e estiramientos - Proba técnica sobre un tema - Improvisación sobre un tema - Proxectos de creación Explicación teórica sobre ditos contidos na súa aplicación.	T3,T7,T9,X2,X6,E11,E12	60%
Memoria de traballo e exposición teórico-práctica	T1,T7,T8,T11,T15,X1,X5,X6,E11,E12,E15	20%
Proba oral/ Entrevista	T8,X3	20%

9. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E OUTROS RECURSOS

REFERENCIAS BÁSICAS:

BARBA, Eugenio (1994). *La canoa de papel*. Buenos aires: Catálogos.
 OIDA, Yoshi y MARSHALL, Lorna (2002). *Los trucos del actor*. Barcelona: Alba Editorial.
 RIVERA, Alfonso (2017). *El camino del actor a través del entrenamiento psicofísico*. Madrid: Ed. Antígona.

REFERENCIAS COMPLEMENTARIAS:

ARTAUD, Antonin (1978). *El teatro y su doble*. Barcelona. Edhasa.
 BROOK, Peter (1998). *El espacio vacío; arte y técnica del teatro*. Barcelona: Península.
 BROZAS POLO, María Paz (2003). *La Expresión Corporal en el teatro europeo del siglo XX*. Ciudad Real: Ñaque.
 FELDENKRAIS, Moshe (1985). *Autoconciencia por el movimiento*. Barcelona: Paidós.
 LABAN, Rudolf von (2006). *El dominio del movimiento*. Madrid: Editorial Fundamentos.
 SCHINCA, Marta (2002). *Expresión Corporal*. Barcelona: Editorial Praxis.
 LONG, Ray (2009). *Las posturas clave en el Hatha Yoga; Una guía anatómica de yoga*. Barcelona: Editorial Acanto..

10. OBSERVACIÓN / RECOMENDACIONES

- Durante as sesións traballarase sobre un ou varios aspectos do programa de forma acumulativa e interrelacionada.
 - A asistencia diaria e a puntualidade son condicións indispensables para a correcta avaliación do alumno.
 - O examen de avaliación extraordinaria será deseñado polo profesor de forma específica e individual atendendo aos contidos teórico-prácticos que o alumno debe ter asumidos para superar a materia. A presentación do alumno a esta proba debe ser acordada previamente co profesor así como o tempo, formato da proba e medios a empregar.

MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a ESAD de Galicia establece unha planificación extraordinaria que se **ACTIVARÁ NO MOMENTO EN QUE A ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA O DETERMINE**, atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou semi-presencial. Estas medidas planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da presente programación docente. No suposto de que se produza unha emerxencia, a presente programación non sufrirá máis modificación que a derivada da necesidade de articular unha avaliación non presencial, para o que se establecerán as adaptacións necesarias nas actividades e ferramentas de avaliación, en relación coas competencias que se indican e coa ponderación que se sinala.

Para o caso da avaliación non presencial de toda a disciplina, as ferramentas e actividades de avaliación serían as que seguen:

- Cuestionario/exame sobre contidos conceptuais (20%)
- Análise de espectáculos (20%)
- Presentación telemática do(s) proxecto(s) de creación (30%)
- Memoria de traballo (20%)
- Entrevista telemática (10%)

No caso de que o tránsito se produza iniciado xa o curso escolar, o profesorado combinará a avaliación do traballo presencial do alumnado coa avaliación do traballo non presencial, determinando as ferramentas (presenciais e non presenciais) a utilizar e a ponderación das mesmas.

AS PRESENTES MEDIDAS PODERÁN SER OBXECTO DE MODIFICACIÓN EN FUNCIÓN DAS DIRECTRICES OU INTRUCIÓNS QUE POIDA FACER PÚBLICAS A ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA, QUE SE COMUNICARÁN EN TEMPO E FORMA AO ALUMNADO POLAS CANLES HABITUAIS (PÁXINA WEB E CORREO ELECTRÓNICO).

